

## O+M A Coruña: A loita continúa

Case 6 meses despois de que se iniciara o paro de O+M na Coruña para rexeitar a externalización da actividade do mantemento, e o pase forzoso de varios compañeiros ó CNAI, nin a empresa nin os seus socios conseguiron que nin un só OTPI se descolgara do paro. A Coruña é hoxe un símbolo para os compañeiros/as de O+M de moitas provincias.

Onte, xoves 28 de maio, houbo unha Comisión de Xestión na que, entre outros, se tratou este asunto. Desde o 16 de febreiro a empresa non tivera a ben convocar a Comisión de Xestión, tampouco ó Comité de Folga que lle solicitara en varias ocasións unha reunión para abordar esta problemática pero a empresa non respondeu.

Na reunión de onte a empresa veu a dicir o mesmo que no mes de outubro e novembro cando se iniciou este proceso. Onte desmentíuse a si mesma respecto da anterior reunión de febreiro. Daquela asegurara que o traspase ó CNAI quedaba suspendido, e que ate outubro non se tería rematado o proceso de avaliación da necesidade de recursos en O+M para ver cantos OTPI precisaría o departamento.

Para xustificarse da falla de criterio culpabilízase ós traballadores de O+M por persistir no paro a pesares da súa “xenerosa oferta”, que consistía en seguir externalizando e aprazar desde marzo ate novembro o traspase dos OTPI ó CNAI. Aparte de realizar a unificación de Transmisión e Conmutación.

Quedou patente que o seu concepto de negociación é moi desequilibrado. A empresa da por feito que ela é a que pon todas as condicións e os traballadores temos que aceptalo sen máis. Iso si, alguén poderá poñerlle abelorios ó produto para vendelo mellor ós afectados. É posible que un destes abelorios sexa que se reservaría o mantemento de conmutación nalgunhas centrais da Coruña cidade.

Desde a CIG manifestámoslle que, igual que o primeiro día, estábamos en contra da externalización e do traspase de persoal. Que os compañeiros asumían levar o novo traballo e o mantemento, pero a empresa di que non, que haberá moito traballo de provisión e creación e que non sería posible. O tempo demostraranos se menten ou non.

O resume do plantexado pola empresa é que:

- Pasan a partir do día 15 de xuño a 5 compañeiros de conmutación ó proceso formativo para integrarse no CNAI.
- Unificación da rolda de quendas do resto dos OTPI de conmutación cos de transmisión a partires do 6 de xullo.
- Continuación do proceso formativo para a integración das dúas unidades.

Estamos convencidos que máis adiante tocaralle ó mantemento de transmisión polo que esta loita é de todos os OTPI do departamento. É unha loita pola defensa do emprego e das funcións da categoría, porque sabemos que **sen actividade non hai garantía de emprego.**

**Loita coa CIG na defensa dos teus dereitos !!!**

A Coruña, 29 de maio de 2009